



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO "ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI", APERTURA SOBRE Nº 3. CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, ás dez horas e corenta minutos do día 6 de xuño de 2017, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente.

-Vogais:

- Alejo Ordóñez Méndez, funcionario en quen delega o interventor do concello.
- Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.
- Fabián Barreiro González, enxeñeiro técnico municipal.
- Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Deportes.

Secretario:

- José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

Neste mesmo día e en sesión anterior a Mesa de Contratación acorda admitir á licitación ás seguintes empresas:

- R.E. nº 3683/2017-Innovalia Asesores, S.L., de Alicante.
- R.E. nº 3747/2017-Laya Gestión y Servicios, S.L., de Vigo (Pontevedra).
- R.E. nº 3782/2017-Estudio Técnico Gallego, S.A., de Santiago de Compostela (A Coruña).
- R.E. nº 3802/2017-Innovación, Cooperación, Cartografía y Territorio, S.L., ICARTO, de A Coruña.
- R.E. nº 3808/2017-TOPAG, Gabinete de Topografía y Cartografía, Sociedad Limitada, de Tomiño (Pontevedra).
- R.E. nº 3845/2017-PROCAT Ingeniería y Medioambiente, S.L., de Nigrán (Pontevedra).
- R.E. nº 3849/2017-VALTECNIC, S.A., de Madrid.

Comeza este acto de carácter público dando lectura ao anuncio da convocatoria desta Mesa de apertura do sobre 3 “criterios nos que a súa ponderación dependa dun xuízo de valor”, procedéndose seguidamente ao reconto das proposicións presentadas comprobando que os sobres que conteñen as ofertas se encontran na mesa en idénticas condicións en que foron entregados.

Por parte da presidencia recórdase o resultado da cualificación da documentación administrativa, expresando as empresas admitidas, e indicando as proposicións excluídas da licitación, tal e como consta na acta de cualificación documental de data 22 de maio de 2017 e a vista da sesión da sesión anterior da Mesa.

Seguidamente, procedese á apertura do sobre 3 - Criterios na que a ponderación depende dun xuízo de valor .- “Metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos”- que conterá os aspectos indicados na cláusula 10.1 do prego de cláusulas administrativas.

Procedida a apertura do sobre nº 3 dos licitadores e a vista da documentación “Metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos” achegada polos mesmos, advírtese pola Mesa de Contratación o seguinte:

1º.-Que a empresa TOPAG, Gabinete de Topografía y Cartografía, Soc. Lda., inclúe na súa Memoria/Plan de prestación do servizo, criterios varolables mediante a aplicación dunha fórmula, que deben ser incluídos no sobre nº 2 “Proposición económica /criterios valorables mediante aplicación dunha fórmula. En concreto detalla a “hasta completar un total de cuatro años desde la fase final, TOPAG continuará prestando asistencia técnica en todo lo relacionado con el Inventario...”, aspecto recollido na cláusula 10.3 do prego de cláusulas administrativas particulares relativo a un criterio valorable mediante a aplicación dunha fórmula.

2º.- Que a empresa VALTECNIC, S.A., inclúe na súa Memoria/plan de prestación do servizo, criterios valorables mediante a aplicación dunha fórmula, que deben ser incluídos no sobre nº 2 “Proposición económica /criterios

valorables mediante aplicación dunha fórmula. En concreto detalla o seguinte: "Como mejoras al pliego de condiciones técnico y administrativo VALTECNIC, S.A. propone las siguientes prestaciones adicionales sin coste adicional:2.- Ampliación del Plazo de Asistencia técnica y mantenimiento del inventario en CUATRO AÑOS (4) a contar desde la fecha de recepción o conformidad del servicio en su totalidad. 3.-Reducción del plazo de ejecución del trabajo en 4 semanas (4). Quedando el plazo de entrega del inventario en SEIS MESES (6)", aspectos recollidos nas cláusulas 10.3 e 10.4 do prego de cláusulas administrativas particulares relativo a un criterio valorable mediante a aplicación dunha fórmula.

Esta Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

1º.-Excluir ás empresas: TOPAG, Gabinete de Topografía y Cartografía, Soc. Lda, e VALTECNIC, S.A. en base ao disposto nos artigos 139, 145 e 150.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público; no artigo 26 do Real Decreto 817/2009 de 8 de maio, así como polo disposto no informe 28/12, de 20 de novembro de 2012, da Xunta Consultiva de Contratación por non achegar a documentación conforme as indicacións contidas no correspondente prego e ser coñecidos con carácter previo datos dos criterios a incluír no sobre nº 2. Dado que a avaliación das ofertas conforme a criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios en que non concorra esta circunstancia, todo elo co fin de evitar o coñecemento de datos que poidan influenciar na valoración a realizar mediante a aplicación de fórmulas e así manter a máxima obxectividade na valoración das proposicións. Por tanto a inclusión de información sobre a oferta evaluable mediante fórmulas no sobre correspondente á información suxeita a xuizo de valor, infrinxe o principio de igualdade de trato e non discriminación e conleva asimismo a exclusión do licitador.

Ademais do anterior os pregos de cláusulas administrativas na cláusula 9.3. in fine, indica claramente respecto a forma de presentación das ofertas que: "a documentación relativa ós criterios nos que a ponderación dependa dun xuizo de valor (e non da aplicación de fórmulas), debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición, nos termos establecidos no presente prego".

2º.-Respecto á "Metodoloxía e plan a seguir no desenvolvemento dos traballos" presentado pola empresas: Innovalia Asesores, S.L.; Laya Gestión y Servicios, S.L.; Estudio Técnico Gallego, S.A.; Innovación, Cooperación, Cartografía y Territorio, S.L., ICARTO; PROCAT Ingeniería y Medioambiente, S.L.; , derivase ao enxeñeiro técnico municipal e membro da mesa aos efectos de emitir informe-valoración.

De seguido exténdese a presente acta, que, trala súa lectura se asina por tódolos asistentes, do que eu secretario, dou fe.

O PRESIDENTE

A MESA DE CONTRATACION.

O SECRETARIO DA MESA

Asdo.: Enrique Cabaleiro González

Asdo.: José Ángel Fernández Rodríguez

VOGAIS:

O INTERVENTOR MUNICIPAL

A SECRETARIA MUNICIPAL

OTÉCNICO MUNICIPAL

Asdo.: Alejo Ordóñez Méndez
(funcionario en quien delega o
Interventor municipal)

Asdo.: Pilar Fernández Alonso

Asdo.: Fabián Barreiro González

A CONCELLEIRA DE FACENDA E URBANISMO

Asdo.: Yolanda Rodríguez Rodríguez.